

## Comisión de Divulgación do CITMAga

### Acta da reunión ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2023

#### Membros presentes:

Dna. Marta Pérez Rodríguez  
Dna. María Isabel Borrajo García  
D. Xabier Pérez Couto  
Dna. Laura López Paz  
D. Miguel Brozos Vázquez

#### Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Xestión de documentación da comisión.
3. Xornadas de creación de obradoiros.
4. Calendario de actividades.
5. Quenda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 11:30 horas do día 20 de decembro de 2023, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

#### 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta da reunión anterior da Comisión de Divulgación do CITMAga.

#### 2. Xestión de documentación da comisión.

Como primeira tarefa da comisión, propónse manter One Drive como mecanismo de comunicación directa entre os membros da Comisión de Divulgación do CITMAga.

#### 3. Xornadas de creación de obradoiros.

A mediados / finais de xaneiro enviarase unha convocatoria para participar nos obradoiros do CITMAga (xa estarán operativos os novos vinculados do CITMAga) e a partir de febreiro realizarase unha sesión de formación a cargo de Marta Pérez (UVigo). Teremos algo de financiación para a creación de obradoiros.

#### 4. Calendario de actividades.

Revisión de proxectos e chuvia de ideas e propostas sobre as actividades a realizar a curto-medio prazo:

- Día da muller e nena na ciencia (11 de febreiro 2024).
- Feria Isabel Zendal (MARZO 2024, Museos Coruñeses)
- Ciencia na Rúa (MARZO 2024, Narón – Campus Industrial, UDC)
- Día Internacional das Matemáticas (MARZO 2024, Concurso)

Debatiuse sobre o modo de contactar cos espazos (colexios, concellos, bibliotecas, centros sociocomunitarios...) nos que poidan ter lugar as actividades con motivo do "Día da muller e nena na ciencia (11 de febreiro 2024) a partir da recepción das propostas de participación por parte do noso persoal. Tamén se falou da xestión das publicacións nas redes sociais con motivo deste día.

#### 5. Quenda aberta de intervencións.

O presidente e demais membros da comisión agradecen as aportacións de Xabier Pérez ante a súa inminente despedida.

#### Acordos adoptados:

- Subida das actas das reunións ó portal de transparencia da web do CITMAga.
- Xestión das comunicacións a través de OneDrive.
- Chamamento para participar no "Día da muller e nena na ciencia (11 de febreiro 2024)".

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:55 horas, do que como secretaria dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz  
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAga